



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

OT.5 "Frear o cambio climático"

Proxecto cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

CONCELLO DE
PADRÓN



ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL COA FINALIDADE DE INTEGRAR A ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO NA XESTIÓN E PLANIFICACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN

A **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** mediante a *ORDE do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*, convoca unhas axudas para que as entidades locais elaboren **Estratexias de Sustentabilidade Ambiental** coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas.

Compre destacar que a presente estratexia foi realizada grazas ao cofinanciamento nun 80 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A estratexia de sustentabilidade ambiental serve para engadir a adaptación ao cambio climático como unha variable das políticas de xestión e planificación municipal.

O documento realizado utiliza como base a *"Guía para la elaboración de Planes Locales de Adaptación al Cambio Climático"* realizada pola Fegamp, e os obxectivos perseguidos son os seguintes:

- Recompilar o coñecemento sobre os efectos do cambio climático e as súas consecuencias sobre o medio natural, os asentamentos de poboación e a sociedade.
- Elaborar e centralizar a información e documentación referente aos efectos do cambio climático a nivel do concello, e aumentar a información e concienciación da cidadanía.
- Fortalecer a capacidade de adaptación aos efectos do cambio climático dos diferentes sectores do concello e potenciar o consumo enerxético racional, a redución de emisións de GEI e a loita contra o cambio climático nos plans e políticas municipais.
- Establecer prioridades e concertar esforzos en medidas de adaptación contra os futuros efectos do cambio climático.
- Establecer unha serie de indicadores, que deberán servir para avaliar o funcionamento da estratexia de adaptación sobre os diferentes sectores do concello.

O resultado final da estratexia é un documento aberto e adaptable que aporta información sobre aspectos importantes respecto a loita e a adaptación do concello fronte ao cambio climático, principalmente:

- Definición do escenario climático futuro do concello.
- Estudo dos elementos clave do concello e valoración da súa vulnerabilidade fronte os posibles efectos do cambio climático.
- Establecemento das medidas de adaptación, orientadas a reducir a vulnerabilidades dos elementos clave.
- Establecemento dos indicadores para o seguimento e control dos plans, políticas e programas implantados.

O documento elaborado serve como referencia para que a administración local e os distintos grupos de interese, desenvolvan as súas actividades dende o punto de vista da adaptación e da sustentabilidade, considerando o futuro escenario climático.